

RESOLUCIÓN pola que se adxudican provisionalmente os destinos provisionais para o próximo curso académico 2023/24 entre o persoal docente dos corpos de inspectores de educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (código de procedemento ED002B).

Mediante Resolución do 8 de xuño de 2023 (Diario Oficial de Galicia n.º 116, do 20 de xuño), convocouse o concurso de adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2023/24 entre o persoal docente dos corpos de inspectores de educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.

Con base no disposto no punto cuarto da dita resolución, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer pública, no portal da internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, <https://www.edu.xunta.gal/>, a adxudicación provisional dos destinos provisionais para o próximo curso académico 2023/24, entre o persoal docente dos corpos de inspectores de educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo. de acordo coas normas para a adxudicación de destino provisional establecidas pola Orde do 7 de xuño de 2018 (Diario Oficial de Galicia núm. 113, do 14 de xuño).

Segundo. Conceder, de conformidade co establecido no punto sexto da Resolución do 8 de xuño de 2023, un prazo para formular reclamacións ou renuncias contra a resolución provisional do concurso de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación no portal da internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, <https://www.edu.xunta.gal/>.



As reclamacións indicadas no parágrafo anterior formularanse en todo caso por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). De formular a reclamación de xeito presencial, a persoa reclamante será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considérase como data da presentación da reclamación aquela en que foi realizada a emenda.

As renuncias á resolución provisional do concurso realizaranse a través do enderezo <https://www.edu.xunta.gal/cadp/> e non é necesaria a súa presentación na sede electrónica da Xunta de Galicia

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

